



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE A CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE IMPULSO DA EMPREGABILIDADE DE PERSOAS CON SÍNDROME DE DOWN E OUTRAS DISCAPACIDADES INTELECTUAIS DURANTE O ANO 2022.

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Inés Rey García, en nome e representación do Concello da Coruña con CIF-P1503000J, na súa condición de Alcaldesa Presidenta.

E doutra,

Don Ricardo Santos Rodríguez, en calidade de Presidente da Asociación Síndrome de Down de A Coruña con CIF G-15731466, en nome e representación desta, con domicilio social na Avda. Pedralonga, 74A- 15009, A Coruña.

As persoas, que actúan en razón dos seus respectivos cargos, recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal necesaria para a formalización do presente convenio e, en consecuencia,

EXPOÑEN:

I. Que o Concello da Coruña, en virtude do establecido na Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, de 2 de abril, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos expostos no artigo 25 da citada norma.

Á súa vez, o artigo 27.3 da Lei 7/1985 establece aquelas competencias do Estado o Comunidade Autónoma que se poden delegar nos Concellos (acompañando á delegación a súa correspondente financiación), entre as que non se atopan o fomento e a formación para o emprego, nin o fomento e a consolidación de iniciativas empresariais. Non obstante a Lei 5/2014, da Xunta de Galicia, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 habilita a continuar aos Concellos con aquelas actividades e servizos que, aínda non sendo da súa competencia orixinaria, viñan prestando ou realizando con anterioridade á entrada en vigor da Lei 27/2013, tal e como acontece co fomento do emprego sobre a que este Concello manifesta interese en seguir exercendo competencias.

II. Que a Asociación Síndrome de Down de A Coruña ven desenvolvendo dentro das súas labores itinerarios globais de inclusión que fomentan o desenvolvemento persoal, social e laboral das persoas con síndrome de Down.

III. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións (de agora en diante lei Xeral de Subvencións), no seu art. 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas que cumpran os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización



dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran, e que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

IV. Que o Concello da Coruña entende que o desenvolvemento de programas que impulsan a empregabilidade das persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais é de interese xeral para o conxunto da comunidade, e en consecuencia, o Orzamento municipal en vigor, recolle unha subvención de carácter nominativo a favor da Asociación Síndrome de Down de A Coruña de 35.000,00 €, coa finalidade de realizar o citado programa.

V. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e o artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

VI. Que podendo iniciarse o procedemento de concesión de oficio ou a petición da entidade interesada, a Asociación Síndrome de Down de A Coruña a requirimento municipal presentou no Rexistro, con data 05/05/2022 a documentación necesaria para a subscripción do convenio na que solicita a cantidade de 35.000,00 € para o desenvolvemento dun programa de impulso da empregabilidade de persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Polo exposto, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos no art. 5 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, as dúas partes acordan a sinatura do presente convenio con suxeición ás seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello da Coruña e a Asociación Síndrome de Down de A Coruña co obxecto de contribuir á inserción laboral e á mellora da empregabilidade das persoas desempregadas da cidade mediante o desenvolvemento dun programa de impulso da empregabilidade de persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais que pretende realizar.

As actividades que teñen cabida neste convenio desenvolveranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022.

O proxecto persegue os seguintes obxectivos xerais:

- Desenvolver e fomentar habilidades sociais e laborais básicas nas persoas co Síndrome de Down, co fin de mellorar as súas posibilidades de integración social e laboral, en xeral, e na empresa ordinaria, en particular.
- Desenvolver accións de formación para o aprendizaxe e desenvolvemento de habilidades e coñecementos que lles faciliten a súa formación e integración laboral.
- Proporcionar ás persoas participantes as habilidades e ferramentas necesarias para que poidan encontrar e desempeñar un traballo.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

- Dotas ás persoas participantes do maior grao de independencia e autonomía posibles para que poidan manter e estabilizar un posto de traballo.

Desenvolveranse as actuacións de acordo aos obxectivos especificados, e estarán estruturadas en 3 fases:

- Fase formativa, na que se traballará coas persoas participantes na consecución de habilidades sociais e laborais e de autonomía personal.
- Fase de emprego, traballando aspectos relacionados co mercado laboral, coa procura activa de emprego e coa consecución do mesmo. Traballarase de forma continua ao longo de todo o ano.
- Fase de mantemento do emprego, traballando aspectos relacionados coa solución de problemas e habilidades para manter e estabilizar un posto de traballo. Traballarase de forma continua ao longo de todo o ano.

No proxecto participarán un total de 26 persoas, maiores de 18 anos e con síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais.

Con estes obxectivos, a Asociación Síndrome de Down de A Coruña procederá ao desenvolvemento do programa obxecto deste convenio.

SEGUNDA.- Normativa Reguladora

A normativa reguladora das accións contempladas neste convenio de colaboración está conformada pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu Regulamento de desenvolvemento; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; a Ordenanza Xeral de Subvencións do Área de Benestar do Concello da Coruña.

TERCEIRA.- Obrigas do Concello

O Concello comprométese a achegar á Asociación Síndrome de Down de A Coruña, a cantidade de TRINTA E CINCO MIL EUROS (35.000,00 €), con cargo á aplicación 60.241.489.50 do orzamento municipal en vigor.

CUARTA.- Obrigas da entidade beneficiaria

A Asociación Síndrome de Down de A Coruña comprométese ao seguinte:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, nas condicións que se contemplan na memoria presentada no momento de solicitude do convenio, xunto co balance de actividade (ingresos e gastos) ou orzamento. No caso de que non sexa posible porque non se execute a actividade, proceder á renuncia expresa da mesma.
- Destinar os fondos achegados polo Concello de A Coruña á finalidade contemplada na Memoria presentada, que se desenvolverá no exercicio 2022.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

- Presentar a documentación xustificativa da mesma nos termos establecidos nas cláusulas deste Convenio.
- Nos casos que corresponda, a entidade entregará diploma acreditativo das accións formativas realizadas.
- Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes, dende a notificación da concesión da subvención na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es> calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.
- Comunicarlle ao Concello, por escrito e no prazo máximo dun mes dende que teña coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- Solicitar os permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento da actividade.
- Cumprir coas demais obrigacións impostas pola Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, pola Lei de Subvencións e demais normas de aplicación.
- Deberase cumprir co disposto nos artigos 31 a 34 (uso non sexista da linguaxe e eliminación de estereotipos), e no artigo 42 (subvencións públicas) da Ordenanza Municipal da Coruña para a Igualdade na Diversidade (BOP núm. 204, de 25 de outubro de 2019).

Todas as actuacións desenvolvidas pola Asociación Síndrome de Down de A Coruña, serán obxecto de seguimento polo persoal técnico do Servizo Municipal de Emprego e Empresa, polo que a Asociación Síndrome de Down de A Coruña se someterá a todas as actuacións de verificación económica e técnica necesarias a realizar polo Concello da Coruña para comprobar o cumprimento da lexislación española e ao mesmo tempo, calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto locais, nacionais e/ou comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. (artigo 14.1.c da Lei Xeral de Subvencións).

QUINTA.- Financiamento da actividade

A actividade financiarase coa achega municipal establecida na cláusula terceira deste convenio.



En relación co art. 32 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, enténdese que o Orzamento Xeral do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo sen referencia a una porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda da conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiación necesaria para a total execución da actividade subvencionada.

Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, procederá o reintegro desta polo importe que pase o custo total da actividade, de conformidade co art. 32.2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidera establecer a normativa reguladora das ditas subvencións ou axudas.

De conformidade co disposto no art. 34 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, sendo compatible dita aportación con outras subvencións, en caso de que se produza exceso das subvenciones percibidas de distintas Entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, e aquelas foran compatibles entre si, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso a favor das Entidades concedentes en proporción as subvencións concedidas por cada unha delas. En caso de que o Concello advirta o exceso de financiamento, esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención outorgada en virtude deste Convenio.

A aportación municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial no que se reflicte a financiación prevista, no momento da concesión, ou o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

SEXTA.- Gastos subvencionables

1.- Considéranse gastos subvencionables aqueles que sexan imprescindibles para o desenvolvemento da actividade subvencionada, se realicen durante o exercicio 2022 e estean efectivamente pagados antes da data de finalización do prazo de presentación da xustificación establecido na cláusula DÉCIMA deste convenio. En particular, considéranse gastos subvencionables aqueles que, ademais de recollerse expresamente na solicitude, respondan de xeito indubitado á natureza da actividade subvencionada, tales como:

1.1 Gastos de funcionamento da entidade necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto da subvención:

1.1.1 Gastos de persoal docente, gastos de persoal que desenvolve labores de orientación, titorización e asesoramento laboral, e gastos de profesionais directamente derivados da impartición da formación profesional ocupacional –engadidos desprazamentos e aloxamentos cos requisitos e condicións legal e regulamentariamente establecidos-, da formación complementaria, así como da realización da práctica profesional titorizada; adquisición de medios e materiais didácticos e de consumo vinculados á formación, orientación laboral e/ou as prácticas profesionais titorizadas non laborais en empresa; seguros; gastos de profesionais; alugueres de equipos,



maquinarias e inmoables vinculados directamente á formación e as súas prácticas, etc.

Cando estes correspóndanse con custos de persoal ou outros de carácter estrutural da entidade deberá xustificarse dentro da actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente realízase a actividade, debendo gardarse a debida coherencia co período e intensidade dos factores de produción estritamente necesarios para o exercicio da actividade subvencionada. Consideraranse coma gastos directos nos seguintes supostos:

- 1.1.2 Cando se contrate unha persoa de xeito específico para a coordinación técnica da formación que é obxecto de subvención, na medida en que os custos de coordinación se refiran de maneira indubitada á actividade que en concreto se subvenciona, e se realicen no prazo establecido polo presente convenio. En ningún caso o custo da coordinación técnica poderá ser superior ao valor de mercado.

Cando os gastos de coordinación técnica en que se incorran se correspondan con nóminas do persoal da entidade beneficiaria que exerce outras función na entidade, serán considerados gastos directos na medida en que se acredite fehacientemente que a porcentaxe de nómina que se imputa responde efectivamente a labores de coordinación técnica do convenio que especificamente se financia. Esta acreditación realízase a través dunha descrición específica de todas as tarefas que esa persoa realizou en actividades de coordinación técnica do proxecto concreto que se subvencione, cuantificando as horas que supuxo cada unha desas tarefas, para así motivar suficientemente a porcentaxe da nómina que se impute. Sendo este, por tanto, o número de horas que destinou a labores de coordinación técnica en relación coa súa xornada laboral, e que en ningún caso poderá superar o 25%.

No suposto dunha imputación a tanto alzado dunha porcentaxe da nómina sen desagregar especificamente as horas destinadas por mes a coordinación técnica será tratada coma gastos indirectos cos límites previstos para os mesmos no convenio.

- 1.2 Outros gastos correntes directamente relacionados e necesarios para o desenvolvemento da actividade ou proxecto obxecto de subvención: publicidade, cartelería, dípticos; abastecementos e/ou outros servizos profesionais (son, imaxe), etc.

2.- Non serán subvencionables os gastos de inversión nin os de natureza inventariable, os financeiros xerados por avais, anticipos bancarios ou análogos, nin os realizados fora dos prazos de execución do convenio ou pagados fora do prazo de xustificación. Os gastos de desprazamento pagados a traballadores por conta propia ou particulares alleos á entidade pagadora só serán subvencionables cando se xustifiquen coa correspondente factura.

3.- Poderán imputarse á conta xustificativa gastos xerais da entidade que teñan vinculación coa actividade subvencionada, ata un 20% do orzamento inicial da actividade, ou do gasto executado se es menor, acreditando os mesmos cos



correspondentes xustificantes de gastos e a acreditación do pago efectivo dos mesmos. A imputación da actividade subvencionada terá que levarse a cabo na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

Non obstante, a entidade poderá optar por imputar como gastos xerais un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderán imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral salvo que se acredite de forma fidedigna nos xustificantes de gastos que se trata de un gasto directo y necesario para o desenvolvemento da actividade. En ningún caso caberá combinar ambas posibilidades.

4.- Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais ou rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionables só no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

5.- En ningún caso, o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

6.- Os gastos que se realicen apartándose do proxecto o fora do seu prazo de execución non serán subvencionables.

7.- En ningún caso, a entidade beneficiaria poderá contratar servizos ou abastecementos con persoas ou entidades vinculadas con ela, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións de mercado
- Que se obteña a previa autorización expresa do Concello da Coruña do seguinte modo:
 - A entidade beneficiaria deberá solicitar autorización con carácter previo ao desenvolvemento da actividade subvencionada
 - O Concello da Coruña deberá adoptar un acordo, con anterioridade á execución da actividade subvencionada, indicando o terceiro ou terceiros cos que se contratará e os servizos ou abastecementos que poden ser obxecto de contratación

8.- A posibilidade de subcontratación estará sometida ás limitacións establecidas no artigo 29 da Lei 39/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Poderase subcontratar incluso o 50% da actividade subvencionada. Con todo o réxime de subcontratación suxeitarase aos seguintes límites:

- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas e nos supostos previstos nos apartados a), b), c) y e) do artigo 29.7 da LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan entidades vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custo



da actividade subvencionada excepto que este incremento supoña un valor engadido á actividade que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros é preciso que se autorice o custo previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.

- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización expresa polo órgano concedente da subvención e que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.

Non obstante o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña un porcentaxe significativo do conxunto do gasto, valorarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

SÉTIMA.- Abono da subvención

Con carácter xeral, o recoñecemento da obrigação a favor da entidade beneficiaria e o pago da aportación realizarase tras a presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos neste Convenio. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia de algunha das causas previstas no art. 37 da LXS.

En caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta o insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado dito prazo sen que se presentara a documentación requirida, archivarase a solicitude e entenderase desistida da súa petición.

Tamén se poderán realizar pagamentos anticipados da subvención, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria e deberá constituírse unha garantía de ata un 30% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pagamento polo Concello, xa sexa sobre o primeiro pagamento anticipado ou sobre varios ata alcanzar esta contía. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

Non se poderá realizar o pago da subvención á entidade beneficiaria en tanto non se estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello e a Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de orixe de reintegro. Neste sentido sinalar que de conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado.

Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste



caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas.

O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit da mesma. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación realizada.

Cando o importe xustificado sexa inferior ao orzamento inicial ou, no seus caso, ao reformulado, só se aceptarán desviacións de financiación cando estas sexan inferiores ao 10% do importe consignado no orzamento inicial. No caso de superarse este importe, dará lugar en todo caso a unha redución proporcional da cantidade concedida, ata o límite do 50%. En caso de que se xustificara un gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se abonarán ningunha cantidade ou, no seu caso, solicitarase o reintegro total da subvención.

OITAVA.- Execución do convenio

A execución e xustificación do presente convenio corresponderá á Asociación Síndrome de Down de A Coruña, quen procederá á utilización, con carácter exclusivo durante o tempo de duración da execución e xustificación do proxecto, dunha única conta bancaria onde se fará fronte aos deberes derivados das actuacións encomendadas no presente convenio (excepto os pagos das retencións do IRPF e as cotas da Seguridade Social do persoal asinado ao proxecto, que se poderán seguir facendo efectivos na conta habitual), e que quedará afectada ás mesmas. En dita conta ingresaranse a aportación do Concello da Coruña e calquera outra que derive da execución do presente convenio. A Asociación Síndrome de Down de A Coruña xustificará ante o Concello da Coruña a existencia da conta, e será responsable de que os fondos percibidos sexan utilizados conforme aos principios dunha clara e correcta xestión financeira.

NOVENA.- Prazo de execución.

As actuacións levaranse a cabo no período de vixencia do presente convenio de colaboración, polo que o prazo para a execución das accións comprenderá dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano en curso. En consecuencia, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, deberán ser emitidas dentro do referido período.

DÉCIMA.- Xustificación

Unha vez finalizada a actividade e, en todo caso, antes de que transcorran dous meses dende a finalización da vixencia do convenio, a Asociación Síndrome de Down de A Coruña deberá presentar na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es> a seguinte documentación aos efectos de xustificación do convenio:

- Impreso de solicitude de xustificación segundo modelo establecido ao efecto, que incluírá unha declaración responsable e unha relación da documentación que se achega para a xustificación.



- Memoria que acredite que a actividade foi realizada e grado de cumprimento de obxectivos. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada, que incluíra as evidencias documentais e gráficas necesarias, tendo en conta, polo menos, os seguintes aspectos:
 - Descrición do proceso do itinerario e as súas fases, dende o acceso das persoas beneficiarias ata a finalización do itinerario.
 - Descrición das tarefas realizadas e distribución mensual do tempo dedicado polo persoal técnico implicado: coordinación, docentes, orientadores/as laborais, educadores/as, etc.
 - Documentación que acredite a participación de cada persoa beneficiaria nun itinerario (accións que se contemplan para cada un e duración), na que deberá figurar a data e sinatura da persoa beneficiaria e do persoal técnico responsable.
 - Fichas de seguimentos, asesoramentos e/ou titorías individualizadas, nas que se mostren a súa duración, obxectivos, accións levadas a cabo, data do asesoramento e sinatura da persoa entrevistada e do persoal técnico responsable
 - Nas accións formativas, control de asistencia do alumnado a través da ficha de sinaturas do alumnado, que engadirá ademais a sinatura da persoa responsable da acción
 - Ficha de entrega de material (manual formativo, bolígrafos, carpeta..), con data e sinatura do alumnado que o recibe e do persoal técnico responsable da entrega
 - Copia do manual/is formativo/s no formato que se estima oportuno
 - Valoración docente individualizada do alumnado, nas accións formativas nas que proceda
 - Cuestionarios de avaliación da satisfacción do alumnado (valoración da calidade) en cada acción formativa.
 - Pólizas de seguros de accidentes e responsabilidade civil para o alumnado que asista a accións formativas, especificando claramente a acción da que se trate.
 - Nos casos que corresponda, a entidade entregará diploma acreditativo das accións formativas realizadas.
- Balance de actividade (ingresos e gastos) realizados con motivo da actividade subvencionada, de xeito que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado.
- Para comprobar a medida en que se axustou o balance ao orzamento inicial presentado, acompañarase coa xustificación o cadro de desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial, e, no caso de que neste se observen desviacións, cubrirase o seu informe de xustificación.

Neste sentido o importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e en ningún caso poderá ser superior ao déficit da mesma. No caso de que existan desviacións á baixa entre o balance e o orzamento inicial presentado, producirase o reintegro da achega municipal unicamente polo importe que pase o custo total da actividade.



- Relación clasificada e detallada dos gastos da actividade con indicación do acredor, nº de documento, data de emisión, importe, concepto e data de pago.
- Facturas orixinais debidamente cumprimentadas ou fotocopias compulsadas dos gastos realizados no exercicio da actividade. As facturas haberán de presentarse polo conxunto da actividade subvencionada aínda cando o outorgamento da subvención municipal sexa inferior ao orzamento inicial. Xustificarase preferentemente con facturas aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Estas deberán incluír unha descrición dos bens ou servizos que se facturan de forma clara e precisa, que permita apreciar a vinculación coa actividade, ou na súa falta unha memoria de cada unha das facturas que detallen os bens e/ou servizos facturados.
- Cando o importe facturado sexa inferior a 400,00 euros, IVE incluído, en calquera tipo de operación, ou cando sexa inferior aos 3.000,00 euros, IVE incluído, nas operacións contempladas no artigo 4.2 do Real Decreto 1619/2012, admitirase a factura simplificada, si ben esta factura debe incluír o destinatario/a, que será en todo caso a entidade beneficiaria da subvención.
- Os xustificantes de pago orixinais (facturas) presentados marcaranse cun selo, indicando na mesma a subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención. Neste último caso indicarse ademais a contía exacta que resulte afectada pola subvención.
- Acreditación do pago efectivo de cada un dos gastos. Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, debendo acreditarse o pago a través de copia do extracto bancario cando o pago se realiza a través de transferencia, copia do cheque bancario cando se realice a través de cheque, neste último caso debe achegarse igualmente extracto ou movemento bancario, e coa conformidade, suficientemente acreditada, do contratista ou provedor/a na correspondente factura en caso de pagos en efectivo, isto é mediante recibo no que conste que ao emisor/a lle foi satisfeito o importe ou ben no propio xustificante de gasto o emisor do mesmo acredite co seu NIF e sinatura que recibiu o importe e a data na que o recibiu.

Non se admitirán pagos en efectivo. Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobro da subvención a favor das persoas acreedoras por razón do gasto realizado ou coa entrega as mesmas dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

- Certificación da Secretaria co VºBº do Presidente acerca das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade subvencionada con independencia do seu reflexo no balance.
- No caso de que existan gastos de persoal: contrato de traballo –no seu caso–, nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social (documentos TC/1 e TC/2) ou os que os substitúan regulamentariamente e documentos de ingreso en Facenda das retencións practicadas en concepto de I.R.P.F. No caso de que a subvención outorgada teña destino ao pago de persoas físicas que presten servizos retribuídos, pago de premios ou pago de axudas de custo, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF),



nos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou no seu caso, disposicións regulamentarias en vigor.

- Ademais do cumprimento dos aspectos formais da factura, no caso de actividades profesionais ou empresariais suxeitas a retención do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), no que a obrigada a reter é a propia entidade beneficiaria, para admitir o gasto como debidamente xustificado, a entidade beneficiaria deberá presentar o modelo de xustificante de ingreso na AEAT, coa explicación e detalle correspondente no caso do que o citado xustificante ou modelo inclúa o bruto de varias retencións, isto é:
 - Modelo 111 e modelo 190 acreditativo do pago á Axencia Tributaria das retencións practicadas a profesionais suxeitos ao IRPF
 - Modelo 115 e modelo 180 acreditativo do pago á Axencia Tributaria das retencións practicadas ao arrendador/a se é persoa física suxeita ao IRPF
- Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvencións debe solicitar a entidade beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000,00 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000,00 euros no caso de abastecemento de bens de equipo ou prestación de servizos.
- Certificado da Secretaria da entidade, co VºBº do Presidente, no que se desagregue por tipo de gasto, o importe total dos gastos xerais da Entidade, no caso de que se imputen gastos xerais ou indirectos a unha actividade concreta.

O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Polo tanto, a entidade beneficiaria quedará obrigada a facilitar tanta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

Ambas partes, en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e pola demais normativa vixente en materia de protección de datos persoais, acordan, a efectos da verificación da correcta xustificación das actuacións realizadas, autorizar o acceso e tratamento por parte do Concello da Coruña (*encargado do tratamento*) aos datos de carácter persoal, cuxo responsable no último termo é a Asociación Síndrome de Down de A Coruña (*responsable do tratamento*).

UNDÉCIMA.- Información e Publicidade

O nome e anagrama do Concello da Coruña figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente Convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. A tal fin e respecto aos diplomas, cartelería, dípticos, trípticos, flyers ou elementos publicitarios análogos deberán presentar un exemplar do modelo utilizado xunto á conta xustificativa co fin de comprobar que se inclúen os logos deste concello. Cumprírase có disposto polo manual de imaxe corporativa situado no seguinte enlace da web municipal:

<https://www.coruna.gal/web/guest/concello/administracion/imaxe-corporativa>

Asemade, en todas as actuacións en materia de información e publicidade que se acometan pola Asociación Síndrome de Down de A Coruña, dirixidas tanto ao público



en xeral coma ás persoas participantes no proxecto, deberán indicar claramente a participación do Concello no cofinanciamento das mesmas.

De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo o finalidade e a entidade/persoa beneficiaria serán obxecto de publicación no Portal de Transparencia do Concello da Coruña <http://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-la-gestion/subvenciones-y-ayudas>

Por este motivo, a entidade beneficiaria da subvención queda suxeita asemade a subministrar de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e accesible a información relevante para garantir a transparencia, facilitar o control cidadán da actuación pública e fomentar a participación, previo requirimento da administración municipal, para garantir a obriga de publicidade activa do Concello da Coruña cumprindo coas esixencias da Lei 19/2013.

DUODÉCIMA.- Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión paritaria para o seguimento das accións derivadas deste convenio. Esta comisión poderá reunirse cando o solicite algunha das partes e en todo caso deberá reunirse polo menos unha vez antes do 15 de novembro para o seguimento e vixilancia da corrente execución do presente convenio.

DECIMO TERCEIRA.- Reintegro

O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 91 e seguintes do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, dándolle en todo caso audiencia á persoa interesada..

Procederá, en particular, o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

1. A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impediron
2. Obtención doutras axudas para a mesma actividade
3. Incumprimento do deber de adoptar as medidas de publicidade da actividade subvencionada
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei Xeral de Subvencións
5. Calquera outra causa que expresamente constituía infracción administrativa en materia de subvencións por acción ou omisión de acordo co establecido na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento
6. En caso de xustificar fora do prazo previsto, e tralo requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



7. En caso da concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administracións ou entes públicos, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe da financiación pública supere o coste da actividade, no importe do exceso producido.
8. Nos demais supostos previstos na Ordenanza Xeral de Subvencións do Área de Benestar.

DECIMO CUARTA.- Infraccións e sancións

Constituirán infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisión tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e a súa normativa de desenvolvemento.

Poderanse impoñer as sancións tipificadas nos artigos 59 ao 63 da Lei Xeral de Subvencións, axustándose ao procedemento sancionador previsto en dita Lei, sendo o órgano sancionador competente o mesmo que ten atribuída a competencia para a súa resolución.

DECIMO QUINTA.- Causas de Resolución do Convenio

De conformidade có establecido no artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen ter acordada a prórroga do mesmo
- O acordo unánime das partes
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio
- Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis

Así mesmo, será causa de resolución do presente convenio a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante preaviso comunicado de forma fidedigna no prazo dun mes dende que aquel fose detectado.

DECIMO SEXTA.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nas cláusulas do mesmo ou, no seu defecto, polo establecido na normativa xeral.

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

As partes que subscriben o presente documento colaborarán en todo momento de acordo cos principios de boa fe e eficacia, para asegurar a correcta execución do pactado e para fomentar e impulsar o desenvolvemento das actuacións relacionadas.

En proba de conformidade, asinamos este convenio, na Coruña, en exemplar duplicado e para un só efecto, na data de última sinatura dixital deste documento:

A Alcaldesa de A Coruña

O Presidente da Asociación Síndrome
de Down da Coruña

Inés Rey García

Ricardo Santos Rodríguez